

REGULAMENTO PARA AS PRIMARIAS ABERTAS A SIMPATIZANTES DE CARA Á ELABORACIÓN DE CANDIDATURAS ÁS ELECCIÓN AUTONÓMICAS DE GALICIA

Artigo 1. Obxecto

1. O presente Regulamento ten como obxecto regular o proceso de designación do candidato á presidencia da Xunta de Galicia (1ª fase) e das persoas candidatas para as eleccións autonómicas (2ª fase) , que se realizará polo sistema de primarias abertas a simpatizantes.

2. O resultado desta consulta será ratificado pola Coordinadora Nacional de EU.

Artigo 2. Sufraxio pasivo e Sistema de Elección

Sufraxio pasivo. Será elexible calquera persoa que, reunindo a condición de elector/a, reúna os requisitos establecido para ser candidato/a polos estatutos de EU (artigo 18, B, e, artigo 31 A, e e artigo 80 puntos 3 e 4)

Sistema de elección.

Poderanse presentar candidaturas que cubrirán os catro (4) primeiros postos das listas provinciais e a persoa candidata á presidencia da Xunta, sendo o proceso en dúas fases.

Unha vez elexida a persoa candidata á presidencia da Xunta (fase 1ª), esta ocupará a cabeceira de lista nalgunha das provincias e de acordo cos estatutos federais de IU, e para cumprir a proporcionalidade pura, a persoa elexida incorporárase á lista ou a unha das listas que se presenten para conformar as candidatura ou candidaturas provinciais

Para establecer a orde definitiva da candidatura final utilizarase cociente maior ao conxunto da lista elixida.

Artigo 3. Calendario

O proceso articularase nas seguintes fases, fixadas no calendario adxunto ao presente Regulamento e que se aprobará xunto con este pola Coordinadora Nacional:

- a. Aprobación do regulamento e calendario pola Coordinadora Nacional.
- b. Apertura do censo de simpatizantes e exposición do censo de militantes nas organizacións locais
- c. Recollida de avais candidatura á Xunta de Galicia (1ª fase)
- d. Proclamación de candidatos/as á Xunta de Galicia (1ª fase)
- e. Verificación de censos, Incidencias e reclamacións sobre o censo.
- f. Campaña (1ª fase)
- g. Votación e recuento (internet e urna) (1ª fase)
- h. Recollida de avais candidatura á Xunta de Galicia (2ª fase)
- i. Proclamación de candidatos/as á Xunta de Galicia (2ª fase)

- j. Campaña (2ª fase)
- k. Votación e recuento (internet e urna) (2ª fase)
- l. Coordinadora Nacional para a ratificación dos resultados. (1ª e 2ª fase)

Artigo 4. O Censo Electoral

Estará composto pola afiliación de EU e os seus simpatizantes que consten na UAR á data do peche do censo.

O censo de afiliación e simpatizantes con dereito a participar nas primarias pecharase tanto para a 1ª como para a 2ª fase o día 22 de setembro

O 10 de setembro iniciarase o período de exposición e de reclamacións ao mesmo, devanditos censos serán solicitados a Organización Nacional.

Militantes. Terán dereito a participar na consulta os e as militantes que se atopen en situación de Activo en calquera dos seus estados (Activo Corrente, Activo Debedor e Activo Pendente)

Simpatizantes: terán dereito a participar na consulta aquelas persoas que se atopen inscritas ou se inscriban como simpatizantes de Esquerda Unida na UAR maiores de 16 anos, que ratificasen a súa vontade de participar nos devanditos procesos.

As Asembleas locais serán as responsables de canalizar a participación dos simpatizantes, garantindo a súa inscrición na UAR e participación dos mesmos. A efectos da votación, tanto os simpatizantes como os militantes de asembleas serán adscritos á asemblea de base territorial do lugar da súa residencia.

Artigo 5. A Comisión Electoral Nacional.

A Comisión Electoral Nacional de EU, en diante (CER), ten por finalidade garantir nos termos do presente regulamento o correcto desenvolvemento do procedemento, o cumprimento da normativa aplicable, a transparencia e obxectividade do proceso e o respecto ao principio de igualdade.

A CER está integrada polo responsable de Área Interna e o Responsable de Organización Nacional, ou quen deleguen, e tres persoas máis a proposta da Coordinadora Nacional. Ningún membro da CER poderá formar nin avalar candidatura algunha.

A CER terá a súa sede para todos os efectos na sede de Rúa Dublín 8 Baixo Dereita , podendo comunicarse con ela a través do correo organizacion@esquerdaunida.org

Artigo 6. A Comisión de Organización do proceso de primarias

Aos efectos de despregar e coordinar o dispositivo técnico e loxístico para o proceso de elección, a Comisión de Organización da Federación, baixo a supervisión da CER, será a encargada de garantir a determinación dos colexios electorais, a elaboración e remisión aos colexios electorais das papeletas que deberán garantir en todo caso o segredo do voto, no caso do voto presencial, a remisión aos colexios electorais da relación de electores que correspondan a cada un deles, a xestión do voto online, a xestión do censo electoral de acordo coas normas da UAR e deste regulamento e a recepción e custodia das actas de escrutinio do conxunto dos colexios electorais, así como do voto telemático.

Artigo 7. Proceso de presentación de precandidaturas e candidaturas

- Aquelas candidaturas que vaian concorrer ao proceso de recollida de avais deberán comunicalo por escrito á CER, indicando:
 - A súa aceptación das normas que regulan o proceso ao que concorren.
 - A candidatura que propoñen, composta segundo os criterios establecidos no artigo 80 dos estatutos de Esquerda Unida.
- A persoa que represente ante a CER á candidatura.
- Dita comunicación poderá realizarse até do día 25 de setembro para a 1ª fase e o 22 de novembro para a 2ª fase.
- As candidaturas á presidencia da Xunta (fase 1ª) e ás listas provinciais (fase 2ª) terán que contar co aval de polo menos un 5% dos e as afiliadas e simpatizantes en data de peche provisional do censo.
- A UAR certificará ante o órgano da Federación o número de afiliados e simpatizantes para poder fixar o número de avais necesarios.

Artigo 8. Avais aos/as precandidatos/as (fase 1ª e fase 2ª)

- Deberase establecer un prazo de recollida de avais de 7 días.
- Os avais poderán ser outorgados e presentados a través de calquera dos seguintes medios:
 - En papel, utilizando os modelos oficiais que se achegan e que inclúen nome e apelidos, DNI asemblea de base á que pertence e NAF (a encher pola organización)
 - Telemáticamente. Mediante o sistema que se determine.
- En ningún caso recoñecerase como medio válido para a presentación ou otorgación de avais a mera remisión dun correo electrónico manifestando o apoio a unha candidatura.
- Os avais outorgados, poderán ser rexistrados de maneira progresiva a través do mecanismo informático establecido que a CER poña a disposición das estruturas de EU.
- Os/as integrantes do Censo non poderá avala a máis dunha candidatura.
- censo aos efectos da recollida de avais será o da UAR até a mesma data de finalización do devandito proceso. Poderán avala as candidaturas aquelas compañeiras/os que estean en situación de activos na UAR.

Artigo 9. Presentación dos Avais e proceso de verificación

Os avais en papel poderanse recoller:

- Directamente polas candidaturas. Aínda que é obrigatoria a entrega do orixinal, poderá entregarse con antelación copia escaneada ao correo organización@esquerdaunida.org
- Os avais serán presentados ante a CER dentro do prazo establecido, podendo ser presentados ao longo de todo o proceso (até a data establecida). Dita comisión será a encargada de garantir a custodia e confidencialidade dos avais en calquera dos formatos habilitados ao efecto. Os representantes das candidaturas terán acceso á información sobre os avais á súa candidatura. Concluído o prazo de presentación de candidaturas procederase á verificación dos avais recibidos e ao seu reconto.

- A CER organizará e dirixirá o desenvolvemento do proceso de verificación.
- A CER estenderá unha acta no que se reflectirán as súas actuacións e en todo caso os seguintes aspectos:
 - Precandidaturas comunicadas.
 - Precandidaturas que formalizan a presentación da súa candidatura no prazo establecido
 - Precandidaturas que obteñen o número mínimo de avais, expresando exclusivamente se se obtén a porcentaxe esixida.
 - Candidaturas que non obteñen o número mínimo de avais.
 - Avais anulados a cada candidatura por dobre rexistro.
 - Avais impugnados e o acordo respecto á impugnación que adoptou a JEF (Junta Electoral Federal).
 - A acta será asinada polos membros da CER, incluídos os representantes acreditados ante a devandita Comisión polas precandidaturas para o proceso de verificación e recuento de avais.
 - Aos efectos dun eventual recurso, a CER custodiará os rexistros dos avais presentados, os avais que fosen obxecto de impugnación, os avais que fosen anulados e os avais que non fosen rexistrados.
 - resto dos avais que se rexistraron e contabilizado sen incidencia algunha, serán destruídos ao concluír o acto de verificación e recuento.

Artigo 10. As papeletas electorais

- Cada candidatura será identificada cunha denominación.
- Haberá tantas papeletas como candidaturas.
- Cada papeleta conterá o seguinte encabezamiento, para a fase 1ª: "Dou o meu voto á seguinte candidatura ao Parlamento Autonómico por EU:" e para a fase 2ª "Dou o meu voto ao seguinte candidato á presidencia da Xunta de Galicia"
- A continuación, porase a denominación da candidatura e debaixo, numerados os nomes das candidatas e candidatos.

Artigo 11. Medios e recursos

- A Comisión de Organización da Federación porá a disposición das precandidaturas a seguinte información:
 1. Os datos estatísticos de censo para saber canta militancia hai no seu ámbito e o número de avais necesarios para presentar a súa candidatura.
 2. Os formularios oficiais, tanto individuais como colectivos, para a recollida de avais.
- As direccións nos seus diferentes niveis garantirán que os/as inscritos/as no censo poidan outorgar o seu aval a calquera das precandidaturas que se presentaron, así como facilitarán en igualdade de condicións que as precandidaturas poidan acudir, mesmo simultaneamente, ás asembleas de base para a recollida de avais.
- As precandidaturas que comunicasen a súa intención de concorrer ao proceso de primarias unha vez iniciado o proceso de recollida de avais non poderán reclamar aqueles recursos, medios ou actuacións que pola súa natureza quedasen extinguidos con anterioridade á comunicación da súa presentación.

Artigo 12. Proclamación provisional das candidaturas

- A CER, unha vez finalizada a verificación e reconto dos avais, proclamará provisionalmente as candidaturas que cumprisen os requisitos establecidos nun prazo máximo de 24 horas.

Artigo 13. Recursos e resolución

- Contra o acordo de proclamación provisional de candidaturas poderase presentar, no prazo de 24 horas desde a comunicación do devandito acordo, recurso de reposición ante a CER, que deberá resolver nun prazo máximo de 24 horas.
- En ningún caso serán recurribles feitos, acordos ou decisións que non sexan determinantes na proclamación ou non como candidatura de calquera precandidatura.
- Os recursos poderán interporse por calquera das precandidaturas que se houberse personado no proceso de verificación e reconto de avais. Aquelas precandidaturas que non se houberen personado nese acto entenderanse que renuncian á súa condición de parte do proceso de primarias.

Artigo 14. Proclamación definitiva de candidaturas

- Trascorridos todos os prazos e resoltos os eventuais recursos que puidesen presentarse, a CER procederá á proclamación definitiva de candidaturas.
- Unha vez proclamadas definitivamente as candidaturas procederase á destrución dos avais en calquera dos seus soportes.
- Se unha vez transcorridos os prazos establecidos, proclamácese só unha candidatura, quedará en suspenso o resto do proceso, pasándose directamente á ratificación da Coordinadora Nacional a candidatura proclamada na data indicada neste Regulamento.

Artigo 15. Representantes das candidaturas

- Unha vez proclamadas, as candidaturas designarán un representante ante a CER.

Artigo 16. Campaña de información

- Durante a campaña de información, os candidatos e as candidatas terán que manter en todo momento un comportamento adecuado e de respecto cos principios que inspiran a nosa organización.
- Sen prexuízo da individualidade da campaña de cada candidatura, todos os actos e accións que as candidaturas desenvolver dentro da campaña de información deberán respectar e garantir uns criterios básicos de unidade de imaxe corporativa.
- As candidaturas están obrigadas a respectar os Estatutos de EU e de IU e en especial a normativa que regula o proceso de primarias abertas.
- As organizacións de EU estarán obrigadas a ceder os seus locais para os actos que desexen realizar as candidaturas. Para iso comunicaranos con antelación á CER que fará a distribución correspondente

Artigo 17. Comunicación

- Garantirase un trato igualitario na cobertura desde as ferramentas de comunicación de Esquerda Unida: gabinete de prensa, web e redes sociais.
- A CER xunto cos responsables correspondentes fixará as ferramentas comunicativas que se pon a disposición das candidaturas.

Artigo 18. Financiamento

- A CER garantizará e fará efectiva a igualdade de trato en canto a recursos para a realización da campaña.

Artigo 19. Colexios electorais

- Organización baixo a supervisión da CER, establecerá os parámetros e criterios a seguir na determinación de Colexios Electorais e das mesas electorais. Todas as sedes de Esquerda Unida poden constituírse como Colexio Electoral ou aquelas outras que se decidan, podendo agruparse as que se consideren baixo o criterio de facilitar a máxima participación.
- Organización establecerá os centros de votación, polo menos, con 5 días de antelación á xornada de votación. A relación de centros de votación será publicada pola Comisión de Organización cunha antelación de sete días respecto ao día da votación.
- Organización, deberá comunicar a través das súas organizacións locais a cada elector o lugar e o horario no cal poderá exercer o seu dereito a voto cunha antelación de, polo menos, sete días

Artigo 20. Mesas electorais

- As mesas electorais estarán formadas por unha presidencia e dúas vocalías, a proposta de cada coordinadora local
- A designación como membro da mesa será comunicada de maneira inmediata á persoa afectada, ao representante da asemblea de base en cuestión, e á Federación correspondente.
- As persoas designadas disporán de 48 horas para comunicar as causas que lles impidan cumprir coa súa función como membros da mesa.
- No suposto de non comparecer o día da votación un número suficiente de titulares e suplentes para constituír a Mesa, o consello político da asemblea de base formaraa con militantes da asemblea, dando conta desta circunstancia á Comisión de Organización Federal.
- En calquera caso, 1 día antes debe de estar a disposición da comisión de organización os datos definitivos dos compoñentes de todas as mesas incluíndo teléfono de contacto e correo electrónico.
-

A Comisión de Organización porá a disposición destas persoas todo o material e a documentación necesaria para o desenvolvemento da súa actividade.

Artigo 21. Presidencia e vocalías da mesa electoral

- A presidencia e as vocalías desenvolven a súa actividade de acordo ao disposto na normativa de EU, as bases da convocatoria do proceso, e seguindo as correspondentes instrucións ou acordos que puidesen adoptarse polos órganos competentes de EU. A súa actividade desenvólvese en tres aspectos fundamentais:
- A presidencia e as dúas vocalías son os encargados da constitución da mesa electoral no Colexio Electoral correspondente, da cal levantarán acta, na que, en todo caso, deberá constar as persoas que compoñen a mesa, a relación dos representantes das candidaturas presentes e a hora de constitución da devandita mesa.
- Unha vez constituída a mesa, as súas funcións durante o desenvolvemento da xornada de votación son:
 - Velar polo libre exercicio do dereito a voto
 - Verificar o correcto exercicio da actividade dos representantes das candidaturas.
 - Proceder á identificación dos votantes, sendo o único órgano con competencia para iso.
 - Asegurar que as condicións nas que se celebra a votación cumpren cos requisitos establecidos
 - Unha vez finalizada a votación, completarán a acta da xornada de votación na que figurarán as incidencias que se produciron ao longo da mesma. Na devandita acta deben figurar o censo electoral, os votos emitidos, os votos nulos, votos brancos, os validos a candidatura e os obtidos por cada unha das candidaturas.
 - A acta xunto co censo de votantes debe ser remitida por correo ordinario á CER ou marcar aos votantes na UAR e remitir a acta por correo electrónico.
- Para o exercicio das súas funcións, e en ausencia de normativa interna específica terase como referencia o disposto na LOREG.

Artigo 22. Apoderados/as das candidaturas

- As candidaturas poderán designar apoderados/as que velen polos seus intereses no desenvolvemento da xornada de votación. As candidaturas comunicarán á Comisión de Organización, a listaxe de apoderados designados para cada mesa ou centro de votación, que o comunicará aos respectivos ámbitos Nacionais, provinciais e locais.
- Só poderá actuar un/a apoderado/a de cada candidatura simultaneamente en cada mesa electoral. Naqueles centros de votación onde haxa máis dunha mesa electoral, adicionalmente poderá actuar un/a apoderado/a de cada candidatura no devandito centro.
- Para o exercicio da súa actividade, devanditos representantes deberán levar ben visible un distintivo no que figure a condición do seu labor, así como a candidatura á que representan.
- Os/as apoderados/as colaborasen coa mesa electoral no correcto desenvolvemento da xornada, podendo participar con voz e sen voto nas deliberacións da mesa, comprobar, en caso de dúbida, a identificación dos electores e electoras, consultar o censo electoral da mesa e presentar cuantos escritos e impugnacións entendan oportuno en nome da candidatura que representan.

Artigo 23. Do desenvolvemento da votación (1º e 2º fase)

- Votación telemática. Poderase votar desde as 00,00 horas do día fixado para o inicio ás 24,00 horas do último día fixado. A Comisión de organización, comunicará a cada un dos presidentes de mesas a listaxe dos que utilizou esta opción para que sexan eliminados do censo de votantes presenciais
- Votación presencial: O día ou días da votación presencial, instalarase unha única urna, nun horario definido con anterioridade, nos colexios electorais correspondentes.

Artigo 24. Do recuento da votación (1ª e 2ª fase)

- Unha vez pechada a urna comezará en cada un dos locais onde se desenvolveu a votación o escrutinio, que será público, ao que, ademais dos membros da mesa, poderán asistir os apoderados de cada unha das candidaturas.
- Cada resultado da votación elevarase, en forma de acta asinada á sede nacional e á CER. Aínda que é obrigatoria a entrega do orixinal, poderá entregarse con antelación copia escaneada da acta ao correo organización@esquerdaunida.org

Artigo 25. Proclamación de resultados

- A CER proclamará provisionalmente os resultados coa información transmitida polas agrupacións de EU
- Unha vez que teña na súa poder as actas orixinais realizarase escrutinio definitivo que dará lugar á proclamación definitiva da candidatura.

Artigo 26. Ratificación polo órgano da Federación

- A candidatura ou as candidaturas que saian elixidas nas primarias e o proceso deberán someterse á ratificación por parte da Coordinadora Nacional

Artigo 27 Resumen Calendario

- 7/9/2019 Aprobación do regulamento, calendario e comisión electoral pola Coordinadora Nacional. A Coordinadora Nacional por acordo maioritario poderá delegar na executiva nacional a constitución da comisión electoral.
- 10/9/2019 Apertura do censo de simpatizantes e afiliados así como exposición do censo de militantes nas organizacións locais.
- 22/9/2019 Peche de censos
- Do 23 ao 24/09/2019 Verificación de censos, Incidencias e reclamacións sobre o censo.
- 25/09/2019 Proclamación pública de precandidaturas (fase 1ª)
- 25/09/2019 ao 3/10/2019 Recollida de avais online e presencial (fase 1ª) (todos os avais en papel serán entregados á CER antes do 3 de outubro ás 23.59h)
- 3/10/2019 Proclamación de candidaturas á presidencia da Xunta (fase 1ª)
- 4/10/2019 a 09/10/2019 Campaña e votación online (fase 1ª)
- 10/10/2019 a 11/10/2019 Votación presencial (fase 1ª)
- 14/10/2019 Proclamación de resultados (serán ratificados pola coordinadora nacional o 14/12/2019)



esquerda unida



A ESQUERDA

- 22/11/2019 Proclamación pública de precandidaturas (fase 2ª)
- 22/11/2019 ao 28/11/2019 Recollida de avais online e presencial (fase 2ª) (todos os avais en papel serán entregados á CER ate o 28 de novembro ás 23.59h)
- 29/11/2019 Proclamación de candidaturas provinciais ao Parlamento de Galicia (fase 2ª)
- 30/11/2019 a 5/12/2019 Campaña e votación online (fase 2ª)
- 6/12/2019 a 7/12/2019 Votación presencial (fase 2ª)
- 14/12/2019 Ratificación de candidatura á presidencia da Xunta e dos catro primeiros postos das candidaturas provinciais na Coordinadora Nacional (1ª e 2ª fase)